



O Concello de Verín vén de presentar a súa axenda cultural e de lecer programada para este mes de agosto e adaptada ás esixencias do momento actual, marcado polas medidas sanitarias vixentes derivadas da covid-19.

Segundo confirmou esta mañá a concelleira de Educación Cultural e Festexos, Emilia Somoza, durante o mes de agosto programaranse un total de oito actividades, entre as que se inclúen dúas presentacións literarias, catro sesións de conta contos -organizadas pola Biblioteca Municipal de Verín- e dous espectáculos de teatro e maxia ideais para participar con toda a familia.

«Lamentablemente», explicou Somoza, «en aras da responsabilidade social, aínda non podemos recuperar algúns dos nosos grandes eventos como a Batucada ou a Feira do Viño ata que as condicións sanitarias permítano con total garantía de saúde e seguridade para todas as persoas. Aínda así, desde o inicio da pandemia apostamos, e así o seguimos facendo, por seguir ofrecendo á cidadanía unha cultura segura, adaptando a nosa programación, como nesta ocasión, sempre respectando as medidas sanitarias marcadas en cada momento polas autoridades competentes».

AXENDA DE ACTIVIDADES

5 de agosto, ás 20:00 horas, no Auditorio Municipal de Verín

PRESENTACIÓN DO LIBRO DIARIO DE CARMEN EN CUARENTENA. MI VERDAD EL LIBRETAD. Un libro de Carmen Lovelle

O libro é o fiel reflexo dun diario persoal e compartido dos cen días de confinamento por COVID. Escrito e remitido a través dun teléfono, día a día, cos acontecementos, noticias, vivencias de antes e do momento. A autora transmite sentimentos, desexos, afectos e paixóns reflecto dun mundo interior forxado a través da súa traxectoria vital e ao fío da traxedia vivida neste tempo. Contén propostas de libros, música e películas vinculados cos textos e, ánimo de transmitir a quen lía a diario, esperanza, resistencia e forza para escapar do medo. A través do WhatsApp escapar do illamento e propiciar enteireza e resiliencia. Relato ou crónica con perspectiva propia e ao mesmo tempo acrisolada pola moi variada correspondencia que recibía dos moitos lectores. Este libro axudará a manter na memoria canto ocorreu.

6 de agosto, ás 20:00 horas, na rúa Irmáns da Salle

VENRES DE CONTO | “Dámoslle a volta ao conto. Contos pola igualdade”. Raquel Queizás

Espectáculo de contos tradicionais de diferentes culturas e historias de vida, con obxectos e monicreques, que realizará Raquel Queizás.

Actividade enmarcada dentro do Programa LER CONTA MOITO da Xunta de Galicia e organizado pola Biblioteca Municipal do Concello de Verín. Aforo limitado a 30 nenos e nenas.

7 de agosto, ás 19:00 horas, no Auditorio Municipal de Verín

PRESENTACIÓN DO LIBRO A LAREIRA DA VEIGA. Unha obra de Mikel Diéguez

Un libro que nos mergulla na pequena gran historia dunha aldea de Galicia, contada a través do testemuño dos seus protagonistas. Mikel fixo un traballo de campo entrevistando a familiares e amigos para deixarnos na memoria un pasado cheo de anécdotas, revelador da vida na aldea das súas orixes. Un texto relatado en primeira persoa que achega ao lector ao cotián daqueles días e convérteo en protagonista. Os personaxes e sucesos de “Villardeciovos, Veiga dás Meás, Bustelo e Moimenta” poden ser os de calquera aldea galega de mediados do século pasado. Unha viaxe íntima e pletórica de vida que atrapa.

8 de agosto, ás 20:00 horas, na Praza da Mercé

SIM SALABIM | Maxia e monicreques para toda a familia co mago Javier Muro

Novo espectáculo familiar onde os bonecos e obxectos cobran vida, e móvense, falan, contarannos cousas das súas vidas, e fan maxia, porque eles serán os protagonistas. E os nenos sairán a colaborar co mago e formarán parte das ilusións máxicas que se crean, porque grazas as palabras máxicas SIM SALABIM, a maxia faise real.

Como o gatiño Piqui que voa polo aire ao longo do escenario, a corda Valentina que é moi travesa e nunca obedece, o debuxo Rodolfo que fala nunha lousa e é un pouquiño rosmón, ou o orangután Hugo, que nos conta cousas divertidas e fai tamén maxia. Todos eles farannos gozar de momentos moi divertidos.

13 de agosto, ás 20:00 horas, na rúa Irmans da Salle

VENRES DE CONTO | “EXTRA”. De Paco Nogueira

Un espectáculo baseado no libro-cd “Extra!” editado por Kalandraka Editora, na que se combinan cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos.

Actividade enmarcada dentro do Programa LER CONTA MOITO da Xunta de Galicia e organizado pola Biblioteca Municipal do Concello de Verín. Aforo limitado a 30 nenos e nenas.

20 de agosto, ás 20:00 horas, na rúa Irmáns da Salle

VENRES DE CONTO | “ISTO NON É SÓ UNHA CAIXA”. De Sarabela Teatro

Espectáculo de contos e viaxe coa imaxinación con Sarabela Teatro.

Un espectáculo baseado no libro-cd “Extra!” editado por Kalandraka Editora, na que se combinan cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos.

Actividade enmarcada dentro do Programa LER CONTA MOITO da Xunta de Galicia e organizado pola Biblioteca Municipal do Concello de Verín. Aforo limitado a 30 nenos e nenas.

27 de agosto, ás 20:00 horas, na rúa Irmáns da Salle

VENRES DE CONTO | “BRINCADEIRA PIRATA” da compañía de teatro infantil Galerna Crúa

Espectáculo de dinamización con música, teatro e danza da man da compañía de teatro infantil Galerna Crúa.

Actividade enmarcada dentro do Programa LER CONTA MOITO da Xunta de Galicia e organizado pola Biblioteca Municipal do Concello de Verín. Aforo limitado a 30 nenos e nenas.

28 de agosto, ás 20:00 horas, na Praza da Mercé

Cartoóns | Espectáculo infantil.

O espectáculo de Hum e Os comeza ao amencer, cando as enganosas luces da mañá fannos crer que o mundo está a nacer e que todos os nosos soños son posibles aínda. Eles recoñecen o seu mundo de cartón e nel buscan todo o que necesitan para a súa supervivencia e os seus praceres.

A arte poética de converter o lixo en bens de uso diario, tamén incide nas tres famosas "R" s do ecoloxismo: reducir, reutilizar, reciclar. E se o público infantil pode marabillarse con todos estes descubrimentos, imaxínense o público adulto que apenas lembra aquela omnipotencia imaxinativa que abandonaron ao abandonar a infancia.

Entrada libre ata completar aforo en todos os eventos